Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Nota de prensa no Día Mundial do Medio Ambiente 5/06/24

No Día Mundial do Medio Ambiente, que este ano se celebra baixo o lema "As nosas terras. O noso futuro. Somos a #GeneraciónRestauración", destacamos o papel crucial dos biólogos e biólogas no obxectivo da restauración dos ecosistemas e a certificación ambiental emitida polo CGCOB cómo unha garantía desa contribución esencial.

Ao longo deste texto, o carácter do termo "biólogo" e "colexiado" enténdese como neutro e fai referencia a biólogos e biólogas, en aras de incorporar a perspectiva de xénero á profesión.

O Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB) e os distintos Colegios Territoriales de Biólogos, entre eles o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA), levaron a cabo unha iniciativa pioneira para regular a profesión no eido do medio ambiente mediante a creación da certificación en Bioloxía Ambiental. Este esforzo conxunto ten como obxectivo fundamental proporcionar o recoñecemento necesario aos biólogos que desempeñan roles cruciais no medioambiente.

No eido ambiental, atopámonos nun momento de transformación profunda marcado pola necesidade de enfrontar os desafíos do cambio climático, a perda de biodiversidade e a crise ambiental así como a necesidade restauración dos ecosistemas. Neste contexto, a regulación profesional do Biólogo Ambiental preséntase como unha medida clave para mellorar a calidade dos servizos ambientais ofrecidos á sociedade e promover a mellora da situación laboral dos profesionais da Bioloxía Ambiental. O obxectivo é o recoñecemento do traballo dos biólogos no eido ambiental.

A proposta do CGCOB inclúe a creación do Registro Nacional de Biólogos Ambientais (RNBA), co obxectivo de fomentar a regulación da profesión e establecer as bases necesarias para unha transformación ambiental sostible. Esta medida non só busca fortalecer a posición dos/as profesionais da Bioloxía Ambiental, senón tamén contribuír activamente á preservación e xestión sostible da nosa contorna natural.

Nun avance significativo cara á regulación e recoñecemento dos biólogos en Galicia, cabe destacar con satisfacción que o CGCOB concedeu ata o de agora o 100 % dos certificados de Biólogo Ambiental dos biólogos galegos presentados. Este logro é resultado da iniciativa liderada polo CGCOB e o COBGA para establecer estándares profesionais en ambos os ámbitos. O pasado 26 de xaneiro foron estregadas as primeiras certificacións concedidas polo CGCOB aos colexiados galegos nun acto celebrado en Santiago de Compostela.

Na 2ª convocatoria obtivemos un 100% de aptos o cal anticipa un aumento continuo no número de biólogos certificados en Galicia. Este proceso dinámico reflicte a resposta positiva da comunidade colexial á iniciativa de regulación profesional.

Esta iniciativa supón un esforzo significativo por regular e recoñecer o labor dos/as profesionais da bioloxía no ámbito ambiental. A certificación de Biólogo Ambiental representan un paso imprescindible para asegurar a adecuada formación, competencia e recoñecemento dos profesionais da Bioloxía que desempeñan labores fundamentais para a sociedade e o medio ambiente. Consituamos avanzando cara a unha Profesión Regulada e Recoñecida.

Con estas accións, o CGCOB reafirma o seu compromiso coa conservación e a restauración dos ecosistemas. Os biologos que traballasen na restauracion ambiental son indespensables para lograr proxectos ben deseñados; executados e cun seguimento ambiental completo. Facemos un chamamento a todas as institucións, empresas e cidadáns para que se unan a nós nesta misión, converténdonos todos en parte da #GeneraciónRestauración lema do presente Día Mundial. Xuntos, podemos asegurar que "As nosas terras. O noso futuro" sexa unha realidade, construíndo un mundo máis sostible para as xeracións futuras.

Máis información: COBGA: 682546054 (Pablo Fernandes, Xerente)